



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de MAIO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasesis de maio de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(333).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión sesión ordinaria do 9 de maio de 2025 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(334).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.EXPTE. 2039/441.

Visto o informe de fiscalización do 07/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/05/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do “Proxecto de remodelación da Avenida de Madrid. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. de Vigo. Provincia de Pontevedra” (2039-441) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do “Proxecto de remodelación da Avenida de Madrid. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. de Vigo. Provincia de Pontevedra” (2039-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de “Asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de remodelación da Avenida de Madrid A-55 PP.KK 0+00 A 2+370 T.M de Vigo. Provincia de Pontevedra”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe de Área de Servizos Xerais en data 29.08.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 17.09.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL CENTO TRINTA E UN EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (227.131,52€) sendo o importe correspondente ao IVE de 39.419,52 euros.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.91, proxecto de gasto 23153291, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.542,67 €
2025	174.716,55 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

2026	34.872,30 €
------	-------------

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 995,95 % e para a terceira anualidade nun 198,79 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do “Proxecto de remodelación da Avenida de Madrid. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. de Vigo. Provincia de Pontevedra” (2039-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA	89,14
2	ANTEA IBEROLATAM, SLU	74,77
3	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL	74,68

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais (e materiais) esixidos no apartado 5.F) do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Certificado positivo de débedas da ATRIGA de ALAUDA INGENIERÍA, SA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de

Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA, o día 31 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 10 e 11 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 16 de marzo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e profesional a personalidade xurídica do terceiro e acreditativa dos medios persoais. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- As escrituras de constitución de ambas integrantes da UTE que inclúen os estatutos co obxecto social xunto coas escrituras de apoderamento dos representantes e cadanseu DNI.
- O certificado positivo de débedas coa ATRIGA de ALAUDA INGENIERÍA, SA
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polos seus representantes.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polos seus representantes.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (146.761,91 €), presentan as respectivas contas do ano 2023 nas que os importes netos das cifras de negocios superan esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (146.761,91 €), presentan certificados de boa execución de ambas integrantes da UTE nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- O compromiso e a documentación do empresario individual coa que se integra parte da solvencia técnica e profesional.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguros de caución subscritos por ambas integrantes da UTE por un importe cada un de 3.862,15 € que cobren o importe total da garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo de ambas integrantes da UTE, os certificados positivos de débedas coa AEAT e a TGSS de ALAUDA e o certificado de inscrición de GALAICONTROL, SL no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT e coa Seguridade Social.A.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 e 24 de marzo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE GALAICONTROL, SL - ALAUDA INGENIERIA, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do “Proxecto de remodelación da Avenida de Madrid. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. de Vigo. Provincia de Pontevedra” (2039-441) por un prezo total do contrato e de 186.928,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.442,06 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(335).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS”. EXPTE. 2120/441.

Visto o informe de fiscalización do 09/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 08/05/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición da pista deportiva en Zamáns” (2120-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición da pista deportiva en Zamáns” (2120-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70 €) Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	82.342,70 €
2025	750.000,00 €
TOTAL	832.342,70 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12.11.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420.6220015 (CUBERTA PISTA DEPORTIVA ZAMANS), proxecto de gasto 24342015, crédito procedente da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 24.09.2024, por importe de 82.342,70 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 3420.6220015, crédito por importe de 750.000,00 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 910,83 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 16 de abril de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ao non presentar xustificación ningunha no prazo concedido, a tal efecto, pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 3 de abril de 2025, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións da Área de Fomento o 10 de abril de 2025.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición da pista deportiva en Zamáns" (2120-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	95,86
2	PROSEMA NOROESTE, SL	94,12
3	CONSTRUCCIONES ABAL SA	81,46
4	CIVIS GLOBAL, SLU	22,93

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 16 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o 30 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante e, no segundo, asemade, os certificados positivos de débedas da AEAT, TXSS e a ATRIGA e a clasificación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo C, subgrupo 8, categoría 3) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 8, categoría 5.
- Seguro de caución por un importe de 31.838,83 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de marzo e 10 de abril de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024) en data 16 de abril de 2025, por entender, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións da Área de Fomento o 10 de abril de 2025, que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ao non presentar xustificación ningunha no prazo concedido a tal efecto pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 3 de abril de 2025.

Segundo.- Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición da pista deportiva en Zamáns” (2120-441) por un prezo total do contrato de 770.499,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.723,08 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(336).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS. EXPTE. 10551/113.

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación data 27/06/2023), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RR.HH. e nóminas (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento de adxudicación con negociación e sen publicidade, con tramitación ordinaria, coa finalidade de realizar a contratación da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RRHH e nóminas do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal de data 16/12/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/01/2025 asinado pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

- Memoria económica do contrato de data 06/02/2025, asinada pola Adxunta ao Xefe de Administración Electrónica, Xefe do servizo de Administración Electrónica, Xefa da Área de RRHH e Formación e o Tesoureiro municipal, co conforme do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por delegación da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de 04/02/2025) e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data e dilixencia corrixindo erro na partida orzamentaria de data 26/02/2025.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 05/03/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 06/03/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 129.998,20 € (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Evolución tecnolóxica + mantemento estándar	9207.2279904	85.821,53 €	18.022,52 €	103.844,05 €
2025	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
TOTAL 2025			107.436,53 €	22.561,67 €	129.998,20 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 363.560,80 €, que inclúe un I.V.E. de 63.097,33 €, dende o 1 de abril de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €
2026	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2027	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €
2027	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2028	Mantemento estándar	9207.2279904	71.160,00 €	14.943,60 €	86.103,60 €
2028	Soporte estendido	9340.2270602	21.615,00 €	4.539,15 €	26.154,15 €
2029	Mantemento estándar	9207.2279904	22.138,47 €	4.649,08 €	26.787,55 €

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
TOTAL			300.463,47 €	63.097,33 €	363.560,80 €

TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

Segundo.- O día 24 de marzo de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADAS S.L. (SAVIA), concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 4 de abril de 2025 SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADAS S.L. (SAVIA), presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 11 de abril de 2025, reuníronse o xefe do Servizo de Administración Electrónica, coa técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023), para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADAS S.L. (SAVIA) no procedemento.

A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA".

Segundo o previsto no apartado 1.I) do Anexo I (FEC) do PCAP, non procede a negociación *"dado que as prestacións obxecto desde contrato soamente poden ser encomendadas a unha empresa concreta e as características e requisitos técnicos están definidos e determinados, non se considera posible a negociación"*, nin outorgarlle puntuación. Así mesmo, en base a cláusula 16 do PCAP (*"No caso de que dadas as características do procedemento, non se considerara en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada indicarse así no apartado 6.F das FEC"*), indícase no apartado 6.F) do Anexo I (FEC) que non se establecen criterios para determinar que a oferta contén valores anormais.

Quinto.- Con data do 14 de abril de 2025 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local, adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade do contrato da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RR.HH. e nóminas (10551-113) na seguinte orde decrecente:

Orde	Licitador
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, SL



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, SL), para que presenten, no prazo de 10 días hábiles, a seguinte documentación:

- A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.B das FEC.*
- O Anexo IV deste prego que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.*
- O Anexo V deste prego que inclúe unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.*
- O certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración."*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS S.L. (SAVIA), o día 15 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o 24 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- Con data 30 abril de 2025 reúnen o xefe do Servizo de Administración Electrónica e a técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023) e revisada a documentación obrante no expediente concedese un prazo de 10 días hábiles a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, SL para que complete a acreditación da solvencia técnica.

Oitavo.- SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, SL presenta a documentación requirida en prazo e o 8 de maio de 2025 reunidos o xefe do Servizo de Administración Electrónica e a técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023) proceden a revisión da devandita documentación comprobando que é correcta. Consta no expediente certificado acreditativo de que a empresa non ten débedas coa Tesourería do Concello de Vigo e os certificados positivos de débedas da AEAT e a TXSS.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADAS S.L. (SAVIA),

como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 18 de marzo de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADAS S.L. (SAVIA) o procedemento negociado sen publicidade do contrato da evolución tecnolóxica e mantemento da aplicación de xestión de RR.HH. e nóminas (10551-113) por un prezo total de 493.063,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 85.572,92 euros e coas seguintes condicións:

- a) O prezo total da parte fixa do contrato é de 44.032,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 7.641,92 euros.*
- b) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G).1 do Anexo I -FEC- do PCAP, para a parte variable do contrato correspondente ao mantemento estándar é do 0,25 %.*
- c) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G).2 do Anexo I -FEC- do PCAP, para a parte variable do contrato correspondente ao soporte estendido é de 0,25 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(337).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 7088/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2025, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

de Goberno, pola titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 27 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación e autorizar a apertura do procedemento de licitación para a contratación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 7 de xuño do 2018, adxudicou á mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.

Terceiro.- O contrato formalizouse en documento administrativo o 12 de xuño do 2020 e comezou a súa execución ao día seguinte.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 14 anos, fixándose un prazo parcial de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.

Quinto.- En data 3 de novembro de 2020, D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., presentou escrito solicitando a ampliación do prazo para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e instalación das máquinas de vending, en cento trinta (130) días, contados a partir da finalización do prazo inicial (12 de novembro do 2020).

Sexto.- En data 4 de decembro de 2020, o responsable do contrato requiriu ao contratista para a presentación de diversa documentación exixida nos pregos que rexen o contrato. Este requirimento es respondido o 19 do mesmo mes indicando que non é posible a presentación da documentación requirida ata non se inicie a actividade.

Sétimo.- D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L. presentou, con data de entrada no rexistro xeral do 11 de xaneiro de 2021, o “Anteprojecto de reforma da cafetería e área de lecer do Concello de Vigo”, redactado polo arquitecto Hernan Valentin Gonzalez Pacheco.

Oitavo.- En data 11 de novembro de 2021, a XGL acordou a modificación deste contrato. Esta consiste en introducir variacións de obra na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello” recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares. Esta modificación, que non implicou custe económico, formalizouse en documento administrativo o 29 de novembro de 2021 (expediente 6645-241).

Noveno.- O 26 de xaneiro de 2022 o responsable do contrato requiriu ao contratista o cumprimento de contrato, conminándolle a presentar o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas, outorgándolle ao efecto un prazo de 15 días.

Décimo.- RESTAURACIÓN A-52 S.L., o 3 de marzo de 2022, solicita unha ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) ns dependencias municipais, ata o día 30 de xuño do ano 2022.

Undécimo.- A XGL, en data 28 de abril de 2022 acordou:

“PRIMEIRO.- Denegar a ampliación do prazo da data limite para la presentación do proxecto básico, execución das obras de posta en funcionamento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, ata o 30 de xuño do 2022, solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

SEGUNDO.- Requirir á RESTAURACIÓN A-52, S.L, o cumprimento do contrato asinado o 12/6/2020 (modificado o 29/11/2021), debendo presentar nun prazo de 15 días, o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello”, de acordo co sinalado na Cláusula 31 do PCAP.

TERCEIRO.- Iniciar actuacións previas para determinar o grado de cumprimento do contrato pola contratista - RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, no seu caso, da incoación dun procedemento sancionador”.

Duodécimo.- En data 20 de maio de 2022, o responsable do contrato, tras crear un expediente de dilixencias previas (expediente 21008-240), requiriu ao contratista a remisión de informe detallado sobre o estado de execución do contrato e das actuacións efectuadas ao efecto, xunto coa documentación acreditativa das mesmas, e formulación no seu caso de alegacións, ao non constar que no tempo transcorrido dende a data de inicio do contrato tivera dado cumprimento as súas obrigas previstas no Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe o contrato, concedéndolle ao efecto un prazo de 15 días. En resposta a este requirimento, o contratista, en escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello o 14 de xuño de 2022, formula alegacións, sinalando que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato asinado co Concello, debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e ao aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios.

Décimo terceiro.- En data 22 de xullo de 2022, a Tesouraría municipal, a requirimento do responsable do contrato, emite informe sinalando o non ingreso do canon mensual polo contratista dende o inicio do contrato.

Décimo cuarto.- En data 25 de agosto de 2022 a XGL acordou o inicio do procedemento de resolución do contrato por causa imputable a contratista. Este procedemento tramitouse como expediente 19840-240.

Décimo quinto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, en escrito de data 16 de setembro de 2022 manifestou a súa conformidade coa resolución do contrato proposta, se ben non está de acordo con que sexa por causas que lle son imputables, xustificando o incumprimento das súas obrigas en *“razones económicas, como fue la bajada brutal de la facturación, derivadas de la pandemia COVID-19 y el actual aumento indiscriminado de los precios de la electricidad, combustibles y productos alimenticios, que estimo nos conduce ante unos efectos económicos negativos muy cuantiosos, y que conlleva a una modificación sustancial por un tiempo prolongado de las condiciones que regían nuestro sistema social y económico de fecha 12 de Junio de 2020, fecha en la que se otorgó el contrato administrativo objeto de este escrito. Las circunstancias en la que nos encontramos no sólo son excepcionales, si no muy extraordinarias y afectan de manera tal a la desaparición de la base objetiva del negocio, que lleva a una alteración tan radical e imprescindible que abre paso, por razones de equidad y objetividad, a la aplicación de la cláusula REBUS SIC STANTIBUS”*.

Décimo sexto.- Evacuouse trámite de audiencia ao avalista, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, en data 9 de novembro de 2022, concedéndolle ao efecto un prazo de dez días hábiles para formular alegacións sobre a incautación de fianza. Este prazo rematou o día 24 de novembro de 2022 sen que o interesado formulase alegacións.

Décimo sétimo.- En data 26 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo declarou a caducidade do expediente de resolución e o seu arquivo.

Décimo oitavo.- En data 31 de xaneiro de 2024 a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal acordou o inicio dun procedemento de resolución do contrato por causa imputable a contratista. Este procedemento tramitouse como expediente 6966-241.

Décimo noveno.- RESTAURACIÓN A-52, S.L, formula alegacións durante o prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto, presentando escrito o 16 de febreiro de 2024 no rexistro xeral deste Concello. Non así o avalista.

Vixésimo.- A xefa da área de Xestión patrimonial e Territorial, en data 29 de abril de 2024, informa que *“en relación co procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, significolle que as circunstancias que xustificaron a proposta de data 12.08.2022, seguen sendo as mesmas, sen que conste documentación nova ou manifestación da adxudicataria que cuestionen a proposta no seu tempo formulada”*.

Vixésimo primeiro.- En data 30 de abril a xefa da área de Contratación e Novos proxectos formula proposta de resolución ao órgano de contratación, que é conformado pola Titular da Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral en datas 2 e 3 de maio respectivamente.

Vixésimo segundo.- En data 10 de maio de 2024 remítese ao Consello Consultivo de Galicia copia dixital do expediente completo e da proposta de resolución, aos efectos de solicitar ditame preceptivo.

Vixésimo terceiro.- En data 12 de maio de 2024 o Consello Consultivo de Galicia emite ditame (CCG 194/2024) declarando a caducidade do procedemento de resolución.

Vixésimo cuarto.- En data 7 de febreiro de 2025 a XGL declara a caducidade do procedemento.

Vixésimo quinto.- En data 11 de marzo de 2025, o adxunto ao Tesoureiro Municipal, informa que *“non consta ningún ingreso autoliquidado ou liquidado en concepto de canon pola empresa RESTAURACION A-52 SL”*.

Vixésimo sexto.- En data 17 de marzo de 2025, o xefe do servizo de Patrimonio, informa que non se ten constancia de que se producira cambio algún respecto á proposta do 12 de agosto de 2022 formulada por esta xefatura para o inicio do procedemento de resolución do contrato de explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Vixésimo sétimo.- O 14 de abril de 2025 a concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo de delegación competencial do 28.06.24) adoptou a seguinte resolución:

“1º.- Iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, pola causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, mora do contratista ao non cumprir cos prazos parciais fixados na cláusula 8 do PCAP para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.

2º.- Incorporar a este procedemento os actos e trámites dos expedientes 19840-240 e 6966-241 relacionados no fundamento xurídico II deste escrito por canto o seu contido sería igual se non se producise a caducidade dos citados procedementos, conforme ao previsto no artigo 95.3 da LPAC.

3º.- Notificarlle ao contratista o presente acordo, concedéndolle audiencia polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.

4º.- Dar trámite de audiencia a Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, na súa calidade de avalista, sobre a incautación da garantía definitiva, polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.”

Vixésimo oitavo.- A resolución de inicio do expediente de resolución notificouse o 15 de abril de 2025 ao contratista e ao Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, na súa calidade de avalista, conferíndolles un trámite de audiencia. Consta a súa recepción o mesmo día. Durante o prazo conferido ao efecto non formularon alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse. Efectivamente, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, neste caso a resolución, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13 de febreiro de 2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cingúese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta polo Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia da resolución do contrato é a prevista na nova LCSP.

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato administrativo especial, que ten por obxecto *“a instalación e prestación do servizo de cafetería no edificio administrativo do Concello, sito na Praza do Rei, así como a instalación e explotación dun mínimo de 15 máquinas automáticas expendedoras de bebidas (quentes e frías), 5 de snacks e similares, e 7 fontes de auga, na área de lecer sita no segundo andar do citado edificio e noutras dependencias municipais relacionadas no ANEXO III do PPT”* (cláusula 3.1 PCAP).

-II-

Incorporación de actos e trámites



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Con relación ao contrato que nos ocupa, iniciáronse dous procedementos de resolución polo órgano de contratación. O primeiro, que se tramitou como expediente 19840-240, iniciouse pola Xunta de Goberno Local en data 25 de agosto de 2022 e declarouse a súa caducidade o 26 de xaneiro de 2024. O segundo, o expediente 6966-241, iniciouse o 31 de xaneiro de 2024 por resolución da Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, por delegación da Xunta de Goberno (acordo da XGL de 22 de xuño de 2023), e declarouse a súa caducidade por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de febreiro de 2025.

A caducidade nun procedemento administrativo é unha forma anormal de terminación do mesmo, que se produce polo transcurso do prazo legal para resolver e notificar o mesmo. En caso de que se produza a caducidade dun procedemento se fora posible a iniciación dun novo por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade, consonte ao previsto no artigo 95.3 da LPAC. No caso que nos ocupa non se produciu a prescrición do contrato por canto o seu prazo de execución é de catorce anos e cinco meses, tal e como establece a cláusula 8 do PCAP, sendo a data de inicio do contrato o 13 de xuño de 2020, segundo o contrato.

Resulta necesario incorporar ao novo expediente os seguintes documentos dos expedientes 19840-240 e 6966-241:

- Acordo da XGL do 27 de xaneiro de 2017 polo que se aproba o expediente de contratación e autorizar a apertura do procedemento de licitación para a contratación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais.
- Prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.
- Acordo da XGL do 7 de xuño do 2018 que adxudicou á mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello.
- O contrato formalizado en documento administrativo o 12 de xuño do 2020.
- Escrito de data 3 de novembro de 2020, no que D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., solicita a ampliación do prazo para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e instalación das maquinas de vending, en cento trinta (130) días, contados a partir da finalización do prazo inicial (12 de novembro do 2020).
- Requerimento de data 4 de decembro de 2020, no que responsable do contrato requiriu ao contratista para a presentación de diversa documentación exixida nos pregos que rexen o contrato. Este requirimento es respondido o 19 do mesmo mes indicando que non é posible a presentación da documentación requirida ata non se inicie a actividade.

- “Anteproxecto de reforma da cafetería e área de lecer do Concello de Vigo”, redactado polo arquitecto Hernan Valentin Gonzalez Pacheco e presentado por D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., con data de entrada no rexistro xeral do 11 de xaneiro de 2021, o .
- Acordo de data 11 de novembro de 2021 da XGL no que se acordou a modificación deste contrato. Esta consiste en introducir variacións de obra na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello” recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares.
- Formalización da modificación do contrato de data 29 de novembro de 2021 (expediente 6645-241).
- Requirimento de data 26 de xaneiro de 2022 no que o responsable do contrato requiriu ao contratista o cumprimento de contrato, conminándolle a presentar o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas, outorgándolle ao efecto un prazo de 15 días.
- Solicitud de RESTAURACIÓN A-52 S.L. do 3 de marzo de 2022 de ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) ns dependencias municipais, ata o día 30 de xuño do ano 2022.
- Acordo da XGL de data 28 de abril de 2022 que denegou a ampliación do prazo da data limite para la presentación do proxecto básico, execución das obras de posta en funcionamento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, ata o 30 de xuño do 2022, solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L
- Requirimento de data 20 de maio de 2022 do responsable do contrato polo que, require ao contratista a remisión de informe detallado sobre o estado de execución do contrato e das actuacións efectuadas ao efecto, xunto coa documentación acreditativa das mesmas, e formulación no seu caso de alegacións, ao non constar que no tempo transcorrido dende a data de inicio do contrato tivera dado cumprimento as súas obrigas previstas no Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe o contrato, concedéndolle ao efecto un prazo de 15 días. En resposta a este requirimento, o contratista, en escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello o 14 de xuño de 2022, formula alegacións, sinalando que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato asinado co Concello, debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e ao aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios.
- Informe de data 22 de xullo de 2022 da Tesouraría municipal sinalando o non ingreso do canon mensual polo contratista dende o inicio do contrato.
- Acordo da XGL de data 25 de agosto de 2022 a XGL no que acorda iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, por causa imputable a contratista ó non cumprir cos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

prazos parciais fixados para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; prestación do servizo; e pola falta de pagamento do canon.

- Escrito do contratista de data 16 de setembro de 2022 no que manifestou a súa conformidade coa resolución do contrato proposta, se ben non está de acordo con que sexa por causas que lle son imputables, xustificando o incumprimento das súas obrigas en “razones económicas, como fue la bajada brutal de la facturación, derivadas de la pandemia COVID-19 y el actual aumento indiscriminado de los precios de la electricidad, combustibles y productos alimenticios, que estimo nos conduce ante unos efectos económicos negativos muy cuantiosos, y que conlleva a una modificación sustancial por un tiempo prolongado de las condiciones que regían nuestro sistema social y económico de fecha 12 de Junio de 2020, fecha en la que se otorgó el contrato administrativo objeto de este escrito. Las circunstancias en la que nos encontramos no sólo son excepcionales, si no muy extraordinarias y afectan de manera tal a la desaparición de la base objetiva del negocio, que lleva a una alteración tan radical e imprescindible que abre paso, por razones de equidad y objetividad, a la aplicación de la cláusula REBUS SIC STANTIBUS”.
- Trámite de audiencia ao avalista, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A de data 9 de novembro de 2022.
- Acordo da XGL de data 26 de xaneiro de 2024 polo que declarou a caducidade do expediente de resolución e o seu arquivo.
- Resolución da data 31 de xaneiro de 2024 da Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal no que iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, por causa imputable a contratista ao non cumprir cos prazos parciais fixados para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; prestación do servizo; e pola falta de pagamento do canon.
- Escrito de data o 16 de febreiro de 2024 de RESTAURACIÓN A-52, S.L, no que formula alegacións durante o prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto.
- Informe da xefa da área de Xestión patrimonial e Territorial de data 29 de abril de 2024, no que informa que “en relación co procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, significolle que as circunstancias que xustificaron a proposta de data 12.08.2022, seguen sendo as mesmas, sen que conste documentación nova ou manifestación da adxudicataria que cuestionen a proposta no seu tempo formulada”.
- Proposta de resolución de data 30 de abril 2024 da xefa da área de Contratación e Novos proxectos que é conformado pola Titular da Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral en datas 2 e 3 de maio respectivamente.

- Ditame de 12 de maio de 2024 do Consello Consultivo de Galicia (CCG 194/2024) declarando a caducidade do procedemento de resolución.
- Acordo da XGL de 7 de febreiro de 2025 declarando a caducidade do procedemento.

-III-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 41 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O presente contrato é un contrato administrativo especial. A lei non establece causas específicas de resolución desta clase de contratos, polo que hai que acudir ao PCAP que o rexe para coñecer as súas causas de resolución. Este regula a resolución na cláusula 41 nos seguintes termos:

“A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225, e 308 e 309 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.”

A súa vez, a cláusula 42, regula a reversión do local e instalacións a extinción do contrato, calquera que sexa a súa causa.

As causas de resolución establecidas no artigo 223 da TRLCSP son as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.

- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.
- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.
- h) As establecidas expresamente no contrato.

Consonte ao artigo 308 da TRLCSP, son causas de resolución dos contratos de servizos:

- a) A suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no mesmo para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor.
- b) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.
- c) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

O xefe do Servizo de Patrimonio, en data 12 de agosto de 2022, emitiu un informe proposta de inicio do procedemento de resolución deste contrato, aprobado pola Concelleira delegada de Contratación ese mesmo día. No mesmo póñense de manifesto os incumprimentos do contratista. Estes son un feito incontestable que, tal como veremos, poden subsumirse nunha causa de resolución do contrato.

Dende a data deste informe non mudaron as circunstancias que nel se relatan. Así o confirma o xefe do servizo de Patrimonio, en informe de 17 de marzo de 2025, ao manifestar que *“En resposta a súa solicitude de informe de se hai cambios, a día de hoxe, respecto á proposta do 12 de agosto de 2022 formulada por esta xefatura para o inicio do procedemento de resolución do contrato de explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (exp. 19840-240), sinalar que non se ten constancia de que se produxera cambio algún”*.

Segundo o citado informe do xefe de Patrimonio de 12 de agosto de 2022:

“(…)

PRIMEIRO.- O contrato asinado ó 12 de xuño do 2020 entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52 ten por obxecto a instalación e prestación do servizo de cafetería no edificio administrativo do Concello, sito na Praza do Rei, así como a instalación e explotación dun mínimo de 15 máquinas automáticas expendedoras de bebidas (quentes e frías), 5 de snacks e similares, e 7 fontes de auga, na área de lecer sita no segundo andar do

citado edificio e noutras dependencias municipais relacionadas no ANEXO III do PPT.

O prazo de execución do contrato é de catorce anos e cinco meses, fixándose os seguintes prazos parciais:

- *5 meses: para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.*
- *14 anos: para a prestación do servizo*

O prazo computase a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do contrato, resultando como data de inicio o 13/6/2020, na que xorde a obriga do contratista de dar cumprimento ao mesmo.

SEGUNDO.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o de prescricións técnicas (PPT), como documentos que fixan os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato establece, como obrigas do contratista, as seguintes:

- *O abono do canon anual, establecido en 8.520,00 na cláusula terceira do contrato, pola explotación da cafetería, prorrateado en doce mensuralidades, debendo o adxudicatario efectuar o ingreso de cada mensuralidade na Tesourería Municipal no último día de cada mes ou no inmediato hábil seguinte se aquel fose inhábil, mediante procedemento de autoliquidación, e sen necesidade de que medie notificación ou requirimento previo da Administración de Tributos (Cláusula 6 do PCAP)*
- *Previamente o inicio da súa execución, comunicar ao concello de Vigo a relación do persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos (Cláusula 27.7 do PCAP).*
- *Comunicar o delegado designado pola empresa como único interlocutor entre esta e o Concello na execución das prestacións obxecto do contrato (Cláusula 27.11 do PCAP)*
- *Contratar e manter durante todo o período contractual os seguintes seguros (Cláusula 29 do PCAP):*
 1. *Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, de Explotación, de Produtos, e Patronal, dunha cobertura mínima de indemnización por anualidade e sinistro de 600.000 euros, salvo na responsabilidade patronal que deber ser dun mínimo de 150.000 euros.*
 2. *Póliza de Danos Materiais, que cubra unha suma asegurada pola cantidade de 300.000 euros.*
 3. *Póliza de accidentes para os traballadores axustada ao convenio ao que pertenzan.*
- *Relativas a execución das obras de acondicionamento e instalacións (Cláusula 31 PCAP):*
 - 1.- *Realizar as obras de investimento recollidas na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello”, redactada en abril de 2016 polos arquitectos da*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e que figura como Anexo IV do prego de prescricións técnicas. Para executar as obras, o adxudicatario remitirá nun prazo de 15 días a contar dende a adxudicación do contrato, o proxecto básico e de execución que deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local.

2.- Efectuar as obras de adaptación, reparación e mellora, así como as instalacións, equipamento e menaxe que precise para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade.

3.- A instalación e posta en funcionamento, ao seu cargo, das máquinas de vending e fontes de auga nas dependencias municipais, nos lugares sinalados no Anexo III e nos que sinale o responsable do contrato para os ofertados a maiores.

TERCEIRO.- A teor do exposto, resulta evidente no presente caso, que existe unha falta de execución do contrato, dende seu inicio, por parte da contratista, quen non acometeu durante todo este tempo prestación algunha, incumpríndose os prazos parciais de execución, tanto os dos 5 meses fixados para a execución das obras e posta en funcionamento da cafetería (sen que sequera teña presentado o proxecto básico e de execución das obras requirido), como conseguintemente o prazo dos 14 anos fixado para a prestación do servizo, que debería terse iniciado os 5 meses do comenzo do contrato.

O incumprimento contractual alcanza, igualmente, a outras obrigas da contratista, comunicadas e requiridas ó efecto, e que nalgún caso recaen en prestacións esenciais do contrato, como o abono do canon, cuxo pago non consta realizado durante todo este tempo; o outras obrigas relativas a instalación e posta en funcionamento das máquinas de vending e fontes de auga nas dependencias municipais; as obras de adaptación, reparación e mellora, así como as instalacións, equipamento e menaxe para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade; ou a subscripción das requiridas pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, de Explotación, de Produtos, e Patronal, de danos ou accidentes, previstas no prego.

CUARTO.- A mora do contratista ven regulada no art. 212 do TR da Lei de Contratos do Sector Publico que dispón o efecto: (...)

2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, haber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

Neste senso, o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato, establece na súa Cláusula 35.2. b). que constitúen infraccións graves (...) 4. A demora, en máis de 45 días, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento da actividade comercial. E na súa letra c), que constitúen infraccións moi graves (...) 12. A demora, en máis de tres meses, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento da actividade comercial. Sancionándose as infraccións graves con multa de 751 ate 1.500 euros, e as moi graves, con multa de 1.501 ate 3.000 euros.

Non obstante cabe considerar que no presente caso, tendo transcorrido xa máis de dous anos de vixencia do contrato, e constituído en mora o contratista no cumprimento do prazo parcial para a posta en funcionamento da actividade, non estamos ante un mero atraso da contratista, se non máis ben ante unha inexecución do contrato xa que non realizou aínda prestación algunha, atopándonos nunha fase iniciaria no cumprimento das súas obrigas contractuais, e sen que se aprecie vontade de realizalo nun futuro próximo, recoñecendo no seu escrito do pasado 14 de xuño, que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e o aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios. Durante todo este tempo, a contratista limitouse a interesar prorrogas do prazo parcial para presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería, alegando as dificultades que a pandemia e o estado de alarma causou ao sector da hostalería e restauración, para xustificar unha inactividade e demora no cumprimento do contrato que en modo algún o exime de responsabilidade e que xa foi denegada.

Nestas circunstancias, de absoluta ausencia no cumprimento do contrato, pódese considerar que se encontra incurso en causa de resolución, de acordo co previsto no TRLCSP e no Prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

QUINTO.- Asi o art. 212 do TRLCSP - Execución defectuosa e demora.- establece que: (...) 2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para súa execución sucesiva. 3. La constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.(...) 7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houbese incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.

Pola súa parte, o Prego de cláusulas administrativas particulares dispoñe que, A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225, e 308 e 309 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (Cláusula 41 PCAP)

Neste senso,o Art. 223 do TRLCSP . Causas de resolución, sinala entre outras:
d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista (...).
f) O incumplimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos o no contrato
h) As establecidas expresamente no contrato.

SEXTO.-. A resolución do contrato adoptarase polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista, e de selo caso, ditame do órgano consultivo da Comunidade Autónoma (art. 213 TRLCSP)

A resolución, por incumplimento da contratista, dará lugar á indemnización dos danos e prexuízos que puidera ter ocasionados a administración, e incautación da garantía, no seu caso. (art. 225 TRLCSP)".

É preciso engadir que segundo informa o adxunto ao Tesoureiro Municipal o 11 de marzo de 2025 "*non consta ningún ingreso autoliquidado ou liquidado en concepto de canon pola empresa RESTAURACION A-52 SL*".

Tras un exame das causas de resolución, á vista dos informes do responsable do contrato e do adxunto ao Tesoureiro, podemos deducir que o caso que nos ocupa pódese subsumir nos supostos mencionados nos apartados d) e f) da citada enumeración de causas: a demora do contratista no cumprimento dos prazos e o incumplimento do contratista das súas obrigas esenciais. No entanto, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial e consultiva que determina que no caso de concorrencia de varias causas de resolución do contrato, deberá de aplicarse a primeira que se produce no tempo, de modo que se con posterioridade sobreveñen outras causas, estas son xa irrelevantes (citaremos por todos o Ditame 13711/2012, de 24 de xaneiro de 2013, do Consejo de Estado e o Ditame 458/2014, do Consejo Consultivo de Castilla y León). Na actualidade este criterio está recollido na lexislación contractual. O artigo 211 da LCSP, tras enumerar as causas de resolución do contrato no seu apartado 1, determina no apartado 2 que "*En los casos en que concurren diversas causas de resolución del contrato con diferentes efectos en*

cuanto a las consecuencias económicas de la extinción, deberá atenderse a la que haya aparecido con prioridad en el tiempo”.

Neste caso, a primeira causa que se produce no tempo é a mora do contratista no cumprimento dos prazos. Efectivamente, tal e como informou o responsable do contrato *“existe unha falta de execución do contrato, dende seu inicio, por parte da contratista, quen non acometeu durante todo este tempo prestación algunha, incumpríndose os prazos parciais de execución, tanto os dos 5 meses fixados para a execución das obras e posta en funcionamento da cafetería (sen que sequera teña presentado o proxecto básico e de execución das obras requirido), como conseguintemente o prazo dos 14 anos fixado para a prestación do servizo, que debería terse iniciado os 5 meses do comenzo do contrato”.* Estes prazos están previstos na cláusula 8 do PCAP.

Con respecto ao incumprimento do prazo, esta causa opera automaticamente polo transcurso do mesmo. Así, di o Consejo de Estado no seu Ditame 912/1997, de 27 de febreiro, *“(…) el simple vencimiento de los plazos sin que la prestación del contratista esté realizada implica ipso iure la calificación de incumplimiento, pues el contrato administrativo tiene como elemento característico ser un negocio a plazo fijo, en el que el tiempo constituye una condición esencial”.*

A doutrina xurisprudencial para aplicar as causas de resolución do contrato relativas ao incumprimento do contratista das súas obrigas, esixe ademais que o incumprimento sexa grave e que a obriga sexa substancial ao contrato, por ser a resolución a consecuencia máis grave que se deriva do incumprimento. Así, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala de lo Contencioso, sección 7 STS 9840/2001, de 14 de decembro de 2001 (Id Cendoj: 28079130072001100557) require *“una voluntad rebelde al cumplimiento de sus obligaciones, sin bastar el simple retraso, al requerirse una pasividad dolosa, culposa o negligente imputable al contratista”.* Circunstancia que concorre no presente caso, tal e como se desprende do citado informe do xefe do servizo de Patrimonio, ao dicir que *“tendo transcorrido xa mais de dous anos de vixencia do contrato, e constituído en mora o contratista no cumprimento do prazo parcial para a posta en funcionamento da actividade, non estamos ante un mero atraso da contratista, se non mais ben ante unha inexecución do contrato xa que non realizou aínda prestación algunha, atopándonos nunha fase iniciaria no cumprimento das súas obrigas contractuais, e sen que se aprecie vontade de realizalo nun futuro próximo, recoñecendo no seu escrito do pasado 14 de xuño, que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e o aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios. Durante todo este tempo, a contratista limitouse a interesar prorrogas do prazo parcial para presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería, alegando as dificultades que a pandemia e o estado de alarma causou ao sector da hostalería e restauración, para xustificar unha inactividade e demora no cumprimento do contrato que en modo algún o exime de responsabilidade e que xa foi denegada”.*

Esta causa de resolución implica o incumprimento culpable do contratista. A este incumprimento a lei anuda o seguinte efecto (artigo 225.3 TRLCSP):

- O contratista deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

O citado precepto tamén indica como facer efectiva a indemnización *“La indemnización se hará efectiva, en primer término, sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, sin perjuicio de la subsistencia de la responsabilidad del contratista en lo que se refiere al importe que exceda del de la garantía incautada”*.

Procedería pois, neste caso, incautar a garantía definitiva e, unha vez resolto o contrato, incoar expediente para a liquidación do contrato, para a determinación dos danos e prexuízos ocasionados a esta Administración polo incumprimento do presente contrato.

-IV-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, a mora do contratista, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato. Sinala a estes efectos o artigo 224.1 do TRLCSP que *“La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a instancia del contratista, en su caso, siguiendo el procedimiento que en las normas de desarrollo de esta Ley se establezca”*.

De acordo cos artigos 211 do TRLCSP (en relación coa disposición adicional 2ª.8 do mesmo corpo legal) e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- 1) Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais
- 2) Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior
- 3) Informe da Asesoría Xurídica
- 4) Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto a Administración municipal.

A estes trámites hai que engadir, consonte ao previsto no artigo 225.4 TRLCSP:

- O acordo de resolución contenderá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, se constituíu.

Analizaremos a continuación o cumprimento dos requisitos exixidos pola lei para o procedemento de resolución.

1.- AUDIENCIA DO CONTRATISTA

O procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo do mesmo, a audiencia do contratista, a fin de que este

poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. Porque, como ten declarado a xurisprudencia (por todas, sentenza do Tribunal Supremo, de 21 de mayo de 2002, recurso de casación 5610/1996), “a finalidade e alcance de devandito expediente contradictorio vai dirixido a poñer de manifesto ao contratista os feitos en que se funda a Administración para entender incumpridas as obrigacións e a ofrecer ao interesado o dereito de aportar os elementos de xuízo e aportar as probas que estimen pertinentes”. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigo 211 TRLCSP).

O acordo de inicio do expediente de resolución notificouse o 15 de abril de 2025 ao contratista conferíndolle trámite de audiencia. Consta a recepción da notificación o mesmo día. No entanto, durante o prazo conferido ao efecto, non formulou alegacións.

2.- AUDIENCIA AO AVALISTA

Tal e como se manifestou no fundamento xurídico anterior, cando o contrato se resolve por causa imputable ao contratista, o artigo 225.3 do TRLCSP impón ao contratista a obriga de indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. Esta indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía constituída para responder do contrato, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.

É preciso, consecuentemente, evacuar trámite de audiencia aos avalistas, por canto no presente caso procede incautar a garantía.

RESTAURACIÓN A-52 constituíu un aval no Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, como garantía definitiva para responder deste contrato por un importe 20.000 euros. O aval consta inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 0182000927426, depositado na Tesouraría municipal o día 25 de maio de 2018 co número de operación 201800047173.

Evacuouse trámite de audiencia ao avalista sobre a incautación de fianza en data 15 de abril de 2025, notificación que recibiu o mesmo día, e non formulou alegacións.

3. e 4.- INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA E FISCALIZACIÓN POLA INTERVENCIÓN

Deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

5.- INFORME DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Dado que o contratista non formulou oposición á resolución do contrato, non procede, en consecuencia, solicitar informe ao Consello Consultivo de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, este será inmediatamente executivo e deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

-V-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 224 e 225 do TRLCSP.

Con respecto á resolución por causas imputables ao contratista o seu apartado terceiro se limita a prever a indemnización dos danos causados á Administración por parte do contratista. Para determinar o importe desta indemnización, unha vez resolto o contrato deberá incoarse un expediente para a liquidación do mesmo.

Tal e como se dixo no fundamento xurídico III deste informe procede a incautación da garantía definitiva. A garantía para responder deste contrato foi constituída mediante aval do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., cuxos datos recóllense no fundamento xurídico IV.

-VI-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Con relación ao prazo para ditar resolución no citado procedemento, prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resolto é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista. No entanto, tal e como sinala o ditame do Consello Consultivo CCG 194/2024, este prazo non resulta aplicable ás entidades locais, por non ter o artigo 212.8 da LCSP carácter de lexislación básica. Doutrina confirmada pola sentenza do Tribunal Supremo do 29.1.2024, recurso de casación 1028/2021. En consecuencia, o citado ditame CCG 194/2024 determina que “ante a falta de carácter básico do artigo 212.8 da LCSP e a ausencia dunha previsión autonómica reguladora do prazo para resolver os procedementos de resolución de contratos, procede entender aplicable o prazo de tres meses previsto no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), tendo en conta a remisión á dita lei que contén á disposición derradeira cuarta da LCSP”.

O presente procedemento foi iniciado por resolución da concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo de delegación competencial do 28.06.24) de data 14 de abril, polo que o prazo para ditar resolución rematará o 14 de xullo de 2025.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Acordo

En base as anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**, previo informe preceptivo do Consello Consultivo:

“1º.- Resolver o contrato para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, pola causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, mora do contratista ao non cumprir cos prazos parciais fixados na cláusula 8 do PCAP para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.

2º.- Incautar a garantía definitiva constituída para responder deste contrato mediante aval do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, por un importe 20.000 euros, que consta inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 0182000927426, depositado na Tesouraría municipal o día 25 de maio de 2018 co número de operación 201800047173.

3º.- Dar traslado deste acordo ao servizo de Patrimonio, aos efectos de incoar expediente para a liquidación deste contrato.

4º.- Notificarlle ao contratista o presente acordo e ao Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, informándolles que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 123.1 da LPAC).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPAC).

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia. "

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(338).- DECLARACIÓN DE DESISTENCIA DA SOLICITUDE DE CESIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO. EXPTE. 7083/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2025, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- 1.Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- 2.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- 3.Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- 4.Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- 5.Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336) (PCAP)
- 6.Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- O 11 de abril de 2023, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión pola Mesa de Contratación, na súa sesión de 16 de marzo de 2023, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (superior a 20 puntos).

*Segundo.- Adxudicar a JUAN PABLO RIVAS PIRES (**.31.18*) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 92.286,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.389,73 euros:*
 - *Parte fixa do contrato: 91.456,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.314,20 euros.*
 - *Parte variable do contrato: 830,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75,53 euros.*
- b) *Incrementa a formación dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:*
 - *Coordinador/a do programa:*
 - *Informática, en especial en bases de datos, follas de cálculo, deseño de páxinas web, así como en outro tipo de aplicacións e soportes para a xeración de contidos e o seu mantemento na internet:*
 - *Curso en bases de datos de 50 horas.*
 - *Curso en follas de cálculo de 150 horas.*
 - *Curso en deseño de páxinas web de 76 horas.*
 - *Outros:*
 - *Publicidade en Internet: Google Adwords de 76 horas.*
 - c) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:*
 - *Coordinador/a do programa: 3 anos.*
 - *Técnico/a de son: 5 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Terceiro.- O 5 de maio de 2023 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de un (1) ano con posibilidade de dúas (2) prórroga de un (1) ano de duración, cada unha, comezando a súa execución o 9 de maio de 2023.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 23 de febreiro de 2024, acordou a primeira prórroga deste contrato por un período de un (1) ano, do 9 de maio de 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

ao 8 de maio de 2025, polo importe total de 72.600,00 € IVE incluído (expediente 9860-336).

Quinto.- Con data do 17 de febreiro de 2025, Juan Pablo Rivas Pires, por un lado, no seu propio nome como adxudicatario, autónomo, do contrato do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico e, por outro lado, en representación de LA DÉCIMA PLANTA, SL presentan solicitude de cesión do contrato (documento nº 250036166).

Sexto.- En vista da documentación presentada, con data 6 de marzo de 2025, dende o Servizo de Contratación requiríuse emenda de documentación Juan Pablo Rivas Pires. En concreto requiríuselle para que, no prazo de 10 seguintes a notificación da comunicación presentara o acordo de cesión asinado polos representantes das dúas empresas e poder de representación dos asinantes, a escritura de constitución da mercantil LA DÉCIMA PLANTA, SL e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.194,86 euros. O contratista presenta a documentación requirida correctamente e dentro do prazo establecido.

Sétimo.- O 6 de marzo de 2025 solicítase ao servizo xestor a emisión dun informe no que faga constar se existe algún impedimento á cesión do contrato e, concretamente:

- a) se as cualidades técnicas ou persoais do cedente foron razón determinante da adxudicación do contrato
- b) se a cesión pode supoñer unha restrición efectiva da competencia no mercado
- c) se a cesión pode supoñer unha alteración substancial das características do contratista.

Lembrando que o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP que rexe a contratación contemplaba criterios de adxudicación referidos ao cedente que puideron ser determinantes na adxudicación do contrato.

Oitavo.- O 21 de marzo de 2025, a técnica media de actividades culturais e educativas, emite informe no que indica que:

“As cualidades técnicas ou persoais do cedente foron razón determinante da adxudicación do contrato motivo polo que é preciso acreditar que a cesión non supón unha alteración destas cualidades.

A cesión non supón unha restrición da competencia no mercado, xa que se traspasa un coñecemento especializado nun sistema de información específico do que a cesionaria carecía e cuxo servizo por tanto non podía ofrecer por si mesma.

A cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista dado que tanto cedente coma cesionario prestan servizos no ámbito dos sistemas de información e desenvolvemento de aplicacións.”

Noveno.- En data 4 de abril de 2025, Juan Pablo Rivas Pires, en nome propio, presenta declaración xurada na que desiste da solicitude de cesión por mor de que *“no se acredita por parte de la nueva entidad la solvencia económica y financiera exigida”* e, en representación de LA DÉCIMA PLANTA, SL, solicita a devolución da garantía depositada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza e requisitos da cesión do contrato

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ao outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión régúlase no artigo 214 da LCSP que dispón que para que os contratistas poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros, os pregos deberán contemplar, como mínimo, unha serie de requisitos que foron recollidos na cláusula 41 do PCAP que rexe esta contratación.

No entanto, esta cláusula, en liña co apartado 1 do citado artigo 214, establece que non se permitirá a cesión nos seguintes supostos.

- a) Cando as cualidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato
- b) Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado
- c) Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista e estas constitúen un elemento esencial do contrato

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no apartado 2 do artigo 214 e na citada cláusula 41 do PCAP:

➤ **Requisitos obxectivos:**

- Que o cedente teña executado cando menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación, ou se puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.

➤ **Requisitos subxectivos:**

- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

- Non estea incurso en ningunha causa de prohibición de contratar
 - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación se tal requisito foi esixido ao cedente
- Requisitos formais:
- Que o órgano de contratación autorice previa e expresamente a cesión
 - Que a cesión se formalice entre o contratista e o cesionario en escritura pública

No presente caso, trala solicitude de cesión presentada por Juan Pablo Rivas Pires, por un lado, no seu propio nome como adxudicatario, autónomo, do contrato do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico e, por outro lado, en representación de LA DÉCIMA PLANTA, SL, en data 17 de febreiro de 2025 e tralo requirimento de documentación realizado por esta administración e presentación da mesma, o contratista arriba indicado, en nome propio e en representación de LA DÉCIMA PLANTA, SL, presenta solicitude de desistencia da súa pretensión por mor de que *“no se acredita por parte de la nueva entidad la solvencia económica y financiera exigida”*.

-II-

Desistencia do solicitante

A LPACAP, no seu artigo 84 contempla a desistencia da súa solicitude por parte do interesado como un dos modos de terminación do procedemento (*“Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.”*).

Pola súa parte, o artigo 94 LPACAP regula a desistencia nos seguintes termos *“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. 2. Se o escrito de iniciación formulouse por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formulasen. 3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. 4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.(...)”*

Finalmente, o artigo 21 LPACAP establece que *“A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación. Nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como de desaparición sobrevinda do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.”*

En vista do anterior e tendo en conta que o contratista presentou a correspondente solicitude de desistencia da súa pretensión, tal e como se indica no antecedente noveno, procedería a resolución deste expediente tal e como indican os artigos da LPACAP anteriormente citados.

-II-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, na súa cualidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Declarar por desistida a solicitude de cesión presentada por Juan Pablo Rivas Pires, por un lado, no seu propio nome como contratista autónomo do contrato do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-3369) e, por outro lado, en representación de LA DÉCIMA PLANTA, SL

Segundo.- Declarar concluído o procedemento.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(3389).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XERENCIA DO CATASTRO RECAÍDO NO PROCEDIMENTO DE SUBSANACIÓN DE DISCREPANCIAS. EXPTE. 17150.54/25. EXPTE. 3251/500.

Examinadas as actuacións do expediente, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2025, asinado pola directora de ingresos e xestión catastral delegada e conformada pola titular de Asesoría Xurídica municipal e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 30 de xaneiro do 2025, o Concello de Vigo presentou ante Dirección Xeral de Catastro solicitude de regularización da titularidade da parcela catastral 1946919NG2724N0001HB, por ser propiedade do Concello de Vigo, ao ter adquirido os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

terreos esta administración municipal mediante compravenda no ano 1983, constar inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo e no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, figurando o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

Acompañouse a dita solicitude:

- Escritura notarial de compravenda do data 2 de febreiro de 1983 (Protocolo 289- Sr. D. Joaquín Serrano Valverde), pola que o Concello de Vigo adquiriu as parcelas A7 (1618 metros cadrados), A12 (2.411 metros cadrados) e a Parcela AE-1 (7.604 metros cadrados). A citada escritura foi presentada no Rexistro da Propiedade, constando os correspondentes asentos rexistrais na mesma.
- Escritura notarial de agrupación e parcelación de 27 de abril de 1984 (Protocolo 812- Sr. D. José Luis Espinosa Anta), na que o Concello de Vigo agrupou as parcelas anteriores (A7, A12 e AE-1) nunha parcela de 13.048 metros e na mesma escritura, dividiu a parcela resultante nas parcelas A, B e C.

Nesta escritura recolleuse expresamente que na Parcela B, de 4.005 metros cadrados, “se ubicará el Palacio de Justicia”.

Esta escritura foi presentada perante o Rexistro da Propiedade e a finca B foi rexistrada co nº 41329 (inscrición 1ª, ao Tomo 1452, Libro 530, folio 93).

- Copia da ficha do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado polo Pleno Municipal o 4/5/1993 (propiedade n.º 476), relativa á parcela B, de 4005 metros cadrados para ubicación edificio xulgado.

Nota simple expedida polo Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, que establece o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

Segundo.- A anterior solicitude deu lugar á incoación do Procedemento de subsanación de discrepancias 17150.54/25.

Conferido trámite de audiencia a esta parte, en data 31/03/2025 formuláronse alegacións por parte desta administración municipal.

Terceiro.- En data 25/04/2025 foi notificado acordo da Xerencia do Catastro da mesma data polo que acorda “la No Alteración manteniendo la situación vigente en la Base de Datos de Catastro”.

Este acordo fai ofrecemento dos recursos procedentes: potestativo de reposición ou reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Non obstante, se o valor catastral do inmovible é superior a 1.800.000€ poderá interpoñerse a reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Central.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Previo.- A Acordo da Xerencia do Catastro do 25/04/2025 de *“No Alteración manteniendo la situación vigente en la Base de Datos de Catastro”*, concluíndo que concorre un conflito de natureza civil que excede das competencias do Catastro Inmobiliario. Isto é, o Catastro inhíbese ante a solicitude municipal por considerar que existe unha controversia de natureza civil.

Non obstante o anterior, existe normativa propiamente catastral de directa aplicación ao caso que sustenta a solicitude municipal, polo que procede recorrer o Acordo recaído.

I.- Sobre a propiedade do Concello de Vigo da parcela catastral 1946919NG2724N0001HB.

O artigo 9.1 do Real Decreto 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante, TRLCI), delimita catro situacións que determinan a condición de titular catastral, por ostentar sobre a totalidade ou parte dun ben inmovible algún do dereito de propiedade (apartado a).

No presente caso, existe unha falta de concordancia entre a titularidade catastral da parcela que consta no Catastro e a realidade xurídica e mesmo física da parcela.

O dereito de propiedade da parcela catastral con referencia 1946919NG2724N0001HB corresponde ao Concello de Vigo, por canto:

- i) O Concello de Vigo adquiriu os terreos por compravenda no ano 1983, documentándose en escritura pública do 2 de febreiro de 1983 (Protocolo 289- Sr. D. Joaquín Serrano Valverde), pola que o Concello de Vigo adquiriu as parcelas A7 (1618 metros cadrados), A12 (2.411 metros cadrados) e a Parcela AE-1 (7.604 metros cadrados).

Existe, pois, un título xurídico (compravenda) e un modo (traditio instrumental mediante escritura pública) que fan que a propiedade plena da parcela lle pertenza ao Concello de Vigo.

A citada escritura foi presentada no Rexistro da Propiedade, constando os correspondentes asentamentos rexistrados na mesma, polo que existe un título de dominio ou propiedade debidamente inscrito que, por unha banda, fai fe pública fronte a terceiros e, por outra, exclúe a boa fe de posibles terceiros que pretendan adquirir a propiedade. Adicionalmente, a citada inscrición rexistral xenera que a prescrición adquisitiva favoreza, en todo caso, ao titular rexistral.

- ii) O Concello de Vigo agrupou e parcelou, en escritura notarial do 27 de abril de 1984 (Protocolo 812- Sr. D. José Luis Espinosa Anta), as parcelas anteriores (A7, A12 e AE-1) nunha parcela de 13.048 metros e na mesma escritura, dividiu a parcela resultante nas parcelas A, B e C.

Nesta escritura recolleuse expresamente que na Parcela B, de 4.005 metros cadrados, *“se ubicará el Palacio de Justicia”*. Se estableceu, pois, un uso específico para a citada parcela ou, máis ben, unha condición para a súa utilización pero, aínda que sexa obvio recordalo, non concede dereito real ningún a terceiros e, polo tanto, se así fose debería cumprirse o artigo 13 da Lei Hipotecaria cando establece que *“Los derechos reales limitativos, los de garantía y, en general, cualquier carga o limitación del dominio o de los derechos reales, para*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

que surtan efectos contra terceiros, deberán constar en la inscripción de la finca o derecho sobre que recaigan”.

- iii) Esta parcela consta inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado polo Pleno Municipal o 4/5/1993, como propiedade nº. 476 do Ep. I Inmóbles.

Existe, pois, un dato adicional de publicidade *erga omnes*, que dende 32 anos recolle inalterable como ben patrimonial do Concello de Vigo a citade parcela adquirida fai 42 anos.

- iv) Consta inscrición no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, figurando o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

É, pois, unha situación xurídica consolidada a titularidade do dereito de propiedade a favor do Concello de Vigo, sendo paradigmático que posteriores intentos de inscrición realizados por terceiros non foron aceptados polo Rexistro da Propiedade como consecuencia do que dí o artigo 5 da Lei Hipotecaria: “Los títulos referentes al mero o simple hecho de poseer no serán inscribibles”.

Todos os anteriores extremos foron debidamente probados coa documentación oportuna remitida por esta parte coa solicitude de regularización da titularidade que deu lugar á incoación do presente expediente.

II.- Sobre a inexistencia de título dominical que ampare que a actual titularidade catastral.

Non existe título que ampare a condición da actual propietaria, como se sinalou no apartado anterior, para ostentar a titularidade catastral do 100% da propiedade da parcela catastral.

Nesta parcela de propiedade municipal (tal como consta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos e no Rexistro da Propiedade), se construiu o edificio dos antigos xulgados, situado no nº 4 da rúa Lalín.

O Concello de Vigo non tramitou ningún procedemento de alleamento da parcela municipal a favor do Ministerio de Xustiza, nin que se adoptase ningún acordo ao respecto. Se así fose, debería existir acordo do Pleno da Corporación Municipal para proceder neste sentido.

Así pois, non se aprobou ningún título traslativo do dominio da parcela citada nin tampouco outro dereito real inscribible, ou mesmo un negocio xurídico-administrativo (concesión administrativa) sobre a mesma.

Á vista do exposto e probado cos documentos que se acompañaron, e tendo en conta o aforismo de que “ninguén pode transmitir o que non ten” (*nemo dat quod non habet*), dado que o Ministerio de Xustiza non tiña adquirido a propiedade da parcela de titularidade municipal, non puido transmitila á Comunidade Autónoma.

2) porque non concorre no caso ningún dos modos de adquirir a propiedade que regula o Código Civil no seu artigo 609.

Este precepto inclúe entre estes medios á Lei, pero no presente caso, o Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, non ten rango de lei, senon que ten rango regulamentario. É dicir, non é unha norma aprobada polo Congreso senón unha norma aprobada polo Goberno para, en execución da Lei, atribuír funcións a outra Administración do Estado.

Ata o momento, o Rexistro da Propiedade non procedeu a inscribir ningún título aportado pola actual titular catastral.

III.- Prevalencia do Rexistro da Propiedade sobre o Catastro Inmobiliario.

Exposta e probada a inexistencia de título de propiedade en favor da actual titular catastral, resulta de aplicación o disposto no artigo 3.4 do TRLCI, que establece a presunción de veracidade dos datos contidos no Catastro, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos prevalecerán.

No presente caso, ao día da data, o Concello de Vigo é o titular rexistral da parcela nº 41329 (na que se ubica o edificio dos antigos xulgados de Vigo), como titular da propiedade en pleno dominio, gozando da protección rexistral que dita inscrición lle outorga dende hai 42 anos e que, en aplicación do artigo 34 da Lei Hipotecaria protexe ao titular rexistral fronte a terceiros de boa ou mala fe.

O artigo 32 da Lei Hipotecaria establece que “Los títulos de dominio o de otros derechos reales sobre bienes inmuebles, que no estén debidamente inscritos o anotados en el Registro de la Propiedad, no perjudican a tercero”. Esa falta de inscrición no Rexistro da Propiedade da suposta propiedade dun terceiro non pode perxudicar ao titular rexistral, que non é outro que o Concello de Vigo.

Ademáis, o artigo 13 da Lei Hipotecaria establece que “*Los derechos reales limitativos, los de garantía y, en general, cualquier carga o limitación del dominio o de los derechos reales, para que surtan efectos contra terceros, deberán constar en la inscripción de la finca o derecho sobre que recaigan*”. Non existe, pois, nin un dereito de superficie nin un dereito real de usufructo.

A presunción iuris tantum do artigo 3.4 do TRLCI queda sen efecto, primeiro, porque os datos e a documentación que foron aportados poñen de manifesto a improcedencia da titularidade catastral actual e, despois, porque a propia Lei do Catastro establece a prevalencia do Rexistro da Propiedade.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

Interpoñer recurso de reposición contra Acordo da Xerencia Territorial do Catastro de 25 de abril do 2025 recaído no Procedemento de Subsanción de Discrepancias 17150.54/25 de non alteración de da descrición catastral, polas razóns xurídicas expostas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(340).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2025. EXPTE. 24743/333.

Visto o informe xurídico de data 15/04/2025 e o informe de fiscalización do 12/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a financiar programas de adestramento e competición de deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportistas de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.

Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concillería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A normativa reguladora das bases e da convocatoria específica destas subvencións ven recollida na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; na lexislación básica do estado en materia de réxime local; nos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; nas Bases de execución do actual orzamento vixente do Concello de Vigo; na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan, a apoiar ó tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo como reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación vinculados cos valores deportivos, a mellorar os recursos para a dinamización de proxectos deportivos na cidade de Vigo, a colaborar cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués, a colaborar co desenvolvemento de proxectos deportivos que garantan ós e ás xóvenes deportistas da cidade unha continuidade e futuro no seu entorno, a optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo, e a fomentar a actividade deportiva como vehículo e ferramenta vinculada coa vida sa.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a financiar os programas de adestramento e competición dos/das deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e súa convocatoria.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida ornaméntaría 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite” do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de contribuír a financiar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión

Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2025 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.
- Entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- Requisitos específicos:
 1. Nados a partir do 01.01.2007 (Incluído).
 2. Estar empadroado na cidade de Vigo, con vixencia mínima ininterrompida dende 01/01/2024, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 3. Ter competido de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 4. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 5. Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2024 ou 2025 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.
 - Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional ou internacional da modalidade en calquera momento do ano 2024 ou 2025, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación española da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
 - No caso de participar como “Guía” dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola autoridade federativa competente que acredite tal condición.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitude, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Deixar constancia da financiación municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
- Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente nos casos previstos no Art. 33 da Lei de subvencións de Galicia, e concretamente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Categorias de competición Subvencionadas: Categoría absoluta e anteriores (Non son subvencionables categorías Master, Veteranos, etc e calquera categoría posterior á absoluta).
 - Nacemento dende 01.01.07 (Incluído).
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración, deberán ter a designación oficial, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
 - No caso de que a competición da que se trate estea conformada por varias probas e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final, e non a clasificación dunha única proba.
 - No caso de existir máis dunha final, terase en conta unicamente o resultado da final de maior nivel,
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 15 participantes na proba e 5 países en categoría masculina, e 12 participantes e 4 países en categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8 participantes, sen terse en conta o número de países participantes.
 - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8.
 - Competicións de deporte adaptado:
 - Participación mínima esixida será de 5 deportistas.
 - Entre 5 e 8 deportistas participantes, aplicarase un factor de corrección, que

- A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial acreditado pola federación correspondente.
- No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
- No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
- Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 16 de xuño de 2024 e o 15 de xuño de 2025.

	Outras compet. Intrnais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

Establécense os seguintes límites máximos dos importes das axudas:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
- 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
- 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
- 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
- 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividirase entre os deportistas empatados.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrência competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrência competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na cláusula 7ª e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou presenciais para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas polo/a deportistas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: unha vez cuberto o formulario de solicitude dispoñible na Web do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal> o/a solicitante deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Solicitude telemática: seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o formulario de solicitude dispoñible na web <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>, terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante, e presentarse no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Española ou Internacional correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- Copia da licenza Federativa da tempada subvencionada (2024/2025) ou do ano 2025.
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:
 - Documento que acredite o recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2024 ou 2025.
 - Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2024 ou 2025, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
 - No caso de participar como “Guía” recoñecido pola autoridade competente dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola Federación Deportiva que corresponda.

Os/as interesados/as teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixísese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria. Exceptuárase de tal obriga naquelas situacións nas que por imposición federativa non sexa posible.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de nove meses (art. 23.4 Lei subvencións de Galicia) a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 € a favor da entidade Real Federación Española de Fútbol (CIF Q2878017I) para a realización do evento deportivo “PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00 € para subvencionar o evento “PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL” a favor da entidade Real Federación Española de Fútbol (CIF Q2878017I), segundo resulta da documentación do expediente nº 24739-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL** EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO **“PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL”** (Expte. 24739-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo **“PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL”**.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Real Federación Española de Fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24739-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do evento deportivo **“PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL”**, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Real Federación Española de fútbol deberá:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

1º.- Organizar o evento deportivo “PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL” nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade Real Federación Española de Fútbol unha subvención pola organización do “PARTIDO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE FÚTBOL CONTRA A SELECCIÓN DE PORTUGAL” por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, deben-

do ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asigna-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

do na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presen ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

11(343).- ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2025. EXPTE. 98684/332.

Visto o informe de fiscalización de data 12/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/04/2025, asinado polo técnico medio de actividades culturais e deportivas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

- 1.- *Aprobar o gasto por importe total de 88.250.-€ que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.*
- 2.- *Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2025.*

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 04 e 23 de abril de 2025, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro “Concesión e resolución das axudas” das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2025.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2025 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 50 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (20 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (6 bolsas) coa asignación económica

individual de 1.700.-€ , alemán (5 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, italiano (8 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (3 bolsas) coa asignación económica individual de 1.450.-€, xaponés (6 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€ e chinés (2 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 20 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Marín González	Pablo	***8513**	11.70
Dementieva	Svitlana	****0583*	9.85
Collazo Braque	Antonio	***9630**	9.35
Hernández Crespo	María Magdalena	***1986**	9.35
Rodríguez Izquierdo	Urgell Uxía	***9740**	9.35
Rodríguez Romero	Nieves	***3310**	8.85
Sobral Manjor	Rute	***6459**	8.85
Rebollo Viéitez	Sabela	***9855**	8.70
Martínez Rodríguez	Sofía	***1529**	8.35
Agulla González	Ana María	***9596**	7.85
Jorge Fernandez	Monica	***9694**	7.85
Sandonis Benito	Jesus	***0190**	7.35
Gil Cuña	Vanesa	***7896**	7.20
Pérez Álvarez	Esther	***7507**	6.85
Gil Varela	Victoria	***4208**	6.35
Hernández López	Verónica	***8860**	6.35
Ríos Loira	María	***1612**	6.35
Villanueva Rozados	Raquel	***9789**	6.35
Ramil Iglesias	Graciela	***5923**	6.20
Perez Nuñez	Victoria	***5303**	5.85

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 6 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Rubio Alonso	Alba	***3002**	11.85
Lima Da Silva	Paulo	***5384**	9.70
García Meleiro	Noelia	***7015**	9.05
Collazo Fernández	Lorena	***9259**	8.85

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1897/1102

Rodríguez Vázquez	Josefa	***1273**	8.85
Presa Suarez	Beatriz Maria	***3307**	7.85

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 5 BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Martinez Giraldez	Juan Ignacio	***6055**	12.05
Palomanes Filgueira	Marta	***7606**	10.20
Jácome Rodríguez	Daniel	***5959**	9.55
Mancilla Segura	Maria Del Consuelo	***2950**	8.70
Fernández Costas	Juan Luis	***1842**	6.35

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 8 BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ITALIANO (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Quireza Fornos	Elena	***9678**	11.55
Zunzunegui González	Isabel Reyes	***5220**	11.35
Chiovetta	Miriam Beatriz	****0102*	10.70
Di Bonaventura Mata	Vittorio Alberto	****3268*	9.35
Lis Álvarez	Virginia Rosalía	***8602**	9.05
Misa Comesaña	M Clemencia	***0063**	9.05
Souto Alvarez	Sandra	***5908**	9.05
Babarro Rodríguez	Diana	***7928**	8.05

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 3 BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (1450.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Otero Ledo	Roberto	***2060**	8.70

Iglesias Ramudo	Yolanda	***7566**	8.55
Fernández Sánchez	Santiago	***3302**	7.70

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 6 BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (2200.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Correa Pastoriza	Alicia	***2785**	11.55
Costa Portas	Héctor	***9919**	11.55
Ulloa Vázquez	Jacobo	***8649**	11.55
González Fernández	Sergio	***8636**	11.05
Marcos Durán	Ainhoa	***9596**	11.05
Rodríguez Iglesias	Blanca	***1759**	10.70

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 2 BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE CHINÉS (2200.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Daponte Freire	David	***8094**	11.70
Mandianes Fernández	Andrés	***8326**	10.55

2º.- Incluir nas listas de suplentes das bolsas Concello de Vigo 2025 ao seguinte alumnado da EOIV, que pasará a ter a consideración de beneficiario/as das bolsas nos idiomas de inglés, francés, italiano, portugués e xaponés, na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os bolseiros/as beneficiarios/as directos dos distintos idiomas indicados nos primeiros listados (punto 1º deste acordo), de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación recollidos na convocatoria específica das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV no ano 2025:

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
----------	------	-----	--------	------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Lerma Mosquera	Antia	***5664**	5.70	1
Lima Da Silva	Iara Maria	***8585**	5.35	2

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
López Otero	Irene María	***0222**	7.85	1
Tombo Pereira	Sheila	***3024**	6.85	2
Vidal Crespo	Carmen	***9648**	6.35	3
Agra Costa	Carmen María	***1129**	5.85	4
Lima Da Silva	Iara Maria	***8585**	5.70	5
Domínguez Rodríguez	Begoña	***2280**	5.35	6

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Grande Yañez	Elvira	***1915**	7.35	1
Núñez Freire	Nuria	***8308**	7.05	2

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE PORTUGUÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Trabazos Rodriguez	Susana	***4532**	7.55	1

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE XAPONÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Ares Souto	Alberto	***4074**	10.55	1
Dos Santos Cabaco	Pablo	***6518**	10.05	2
Cabaleiro Sánchez	Lucas	***7458**	9.55	3

Blázquez Coído	Ana	***8860**	9.35	4
Regal Llamas	Maria De Los Angeles	***9482**	9.20	5
Cancelas Viéitez	Nuria	***2063**	8.55	6
Aguilar Alvarez	Noelia	***6100**	8.35	7
Alonso Vázquez	Alba	***9788**	8.05	8
Soto Torres	Enrique	***9482**	6.70	9
Álvarez Graña	Iago	***8743**	6.05	10

3º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan.

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Anozie Odenigbo	Favour-Chilo	***1361**	B
Cividanes Alvarez	Carolina Maria	***6154**	B
Moredo Ramos	Juan Antonio	***6525**	B
Piñeiro Vilariño	Maria Jesus	***4013**	B

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Alvarez Lopez	Ana Avelina	***5493**	B

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS
“CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
----------	------	-----	-------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Fernández Álvarez	Ana Belén	***5323**	Non se axusta o nivel ao establecido nas bases da convocatoria
Gonzalez Miguez	Ana Maria	***7111**	C
Porto Crespo	Adrián	***9775**	A
Rapallo Díaz-Ureña	Susana	***8526**	C
Sánchez Mata	Patricia A.	***2257**	A
Tejo Fuentes	Salome	***7398**	B-C

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS **“CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE CHINÉS**

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Lopez Bravo	Miguel Angel	***9053**	B

*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2024*”
- B: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobado un curso oficial presencial ou semipresencial na EOI de Vigo nos últimos 3 anos no idioma no que solicita a bolsa*”.
- C: por non cumprir o requisito 1.VI. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos tres cursos académicos nun idioma diferente*”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(344).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO (EMT). EXPTE. 24770/332.

Visto o informe de fiscalización de data 09/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/04/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 5 de marzo de 2021, aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro - EMT (expediente 24770/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 29/01/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 18/02/2021 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 423.201,28 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 27 de maio de 2021 acordou adxudicar a IMAXINERÍA S.L. (CIF B36914372) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro de Vigo (EMT) por un prezo total de 410.504,20 euros, exento de IVE, cun compromiso de realizar a impartición de 40 horas de cursos específicos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)"

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: catro anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, una prórroga dun ano de duración. (...)"*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de xuño de 2021 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O prazo do contrato será de catro anos, contado a partir do día 18 de setembro de 2021. Está contemplada unha prórroga de un ano."*

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses."*

En data 28 de abril de 2025, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro por parte da empresa contratista (Imaxinería



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 18/09/2025 e o 17/09/2026.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 410.504,20 euros, sendo o prezo por anualidade de 102.626,05 euros.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 102.626,05 euros, exento de IVE, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 18/09 ao 31/12): 32.031,77 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/01 ao 17/09): 70.594,28 euros.

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9903 (Escola Municipal de Teatro) dos exercicios 2025 e 2026, conforme á anterior división.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (expte. 24770/332) para o período comprendido entre o 18/09/2025 e o 17/09/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 102.626,05 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Imaxinería S.L., CIF B36914372. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9903 (Escola Municipal de Teatro), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de 18/09 a 31/12): 32.031,77 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (de 01/01 a 17/09): 70.594,28 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(345).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 21412/77.

Visto o informe xurídico do 06/05/2025 e o informe de fiscalización do 07/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 26 de febreiro de 2025, a Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas asinou a orde de iniciar o expediente de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

2. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
3. Certificados de existencia de crédito do 03/03/2025 (RC núm. Operación 12025000020250 e RCFUT núm. Operación 12025000020253).
4. Memoria económica do contrato do 02/04/2025, asinada polo técnico de xestión, pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Quinta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 03/04/2025, asinado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 08/04/2025.
7. Memoria xustificativa do 04/04/2025, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
8. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de Administración xeral de Contratación o 08/04/2025, e pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 09/04/2025.
9. Prego de cláusulas administrativas, asinado pola técnica de Administración xeral de Contratación o 08/04/2025, e pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 09/04/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións do por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024 e de 28 de xuño de 2024 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, polo que a Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (21412/77) por procedemento aberto simplificado abreviado de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 3 de abril de 2025 e o prego de cláusulas administrativas de 9 de abril de 2025, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de **11.727,55 € (IVE INCLUÍDO)** para a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO”, con cargo á aplicación orzamentaria **2410 2279923** (“MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN”) do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	3.909,18 €
2026	5.863,77 €
2027	1.954,60 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(346).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL: ANO 2025. EXPTE. 12082/320.

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/04/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Desenvolvemento Local, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Distritos, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 27/01/2025, Dona Carmen García Garrido (DNI: 3600****), en calidade de presidenta da *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* (CIF: G36745065), achegou escritos (doc. 250018959 e doc. 250018968), xunto coas achegas posteriores de data 11/02/2025 (doc. 250031049) e de data 23/04/2025 (doc. 250092566), solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade á oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2025, entre 01/10/2024 ata o 30/09/2025, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Carmen García Garrido, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 07/04/2025
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 14/02/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Autoriza expresamente a consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2024-30/09/2025)	
Alugueiro, Comunidade de Propietarios e Lixo local Ramón Nieto, 77	7.000,00 €
Primas Seguro	100,00 €
Gastos de Asesoría	500,00 €
Subministros (luz, auga, teléfono, etc...)	400,00 €
TOTAL	8.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2024-30/09/2025)	
Aportacións socios	2.000,00 €
Subvención Concello de Vigo	6.000,00 €
TOTAL	8.000,00 €

8. Anexo consulta / verificación de datos por parte do Concello.

9. Contrato de alugueiro.

10. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) có nº 469/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 *"Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, cunha dotación orzamentaria de 6.000,00 €.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 14/02/2025 da tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* (G36745065), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2024 ata setembro de 2025.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*.

Que a entidade *"Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, de conformidade có art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.
- ✓ Promover e desenrolar programas de voluntariado social.

- ✓ Promover e desenvolver servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de coidadores/as.
- ✓ Promover e desenvolver proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenvolver actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.
- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

*“1º. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o **1 de decembro ao 31 de xaneiro de 2025** por importe de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.*

2º.-Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.”

IV.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

desde o **1 de febreiro de 2025 ata o 28 de febreiro de 2025** por importe de 17.665,95 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

2.- Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.

V.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o **1 de marzo de 2025 ata o 15 de marzo de 2025** por importe de 8.832,98 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

2.- Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.”

VI.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de marzo de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo os días **16 e 17 de marzo de 2025** por importe de 1.139,74 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

2.- Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Dende o servizo de Participación Cidadá, tramitouse un novo contrato (**expediente 3891-321**) de servizos de portería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito, conforme ao aprobado pola **Xunta de Goberno Local (sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2025)**, polo que se adxudica o contrato a empresa COMBINA SOCIAL:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de decembro de 2024, das licitadoras ANDANZA EMPLEA, S.L. e INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Adxudicar a COMBINA SOCIAL, SL o procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321) por un prezo total do contrato de 341.548,24 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.276,97 euros... “

O prazo do contrato é de 2 anos (prevéndose dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración cada unha).

A formalización do contrato efectuouse o pasado día 18 de marzo de 2025, dando lugar ao seu inicio o mesmo día 18 de marzo.

- Con data 31/03/2025, a empresa **UTE CONCELLO DE VIGO (U70556444)** remite a **última factura polo servizos prestados dende o 1 ao 17 de marzo de 2025** con cargo ao anterior contrato aprobado no expediente 3725-321. Unha vez tramitada, consta no expediente 12167-320, a correspondente orde de pago nº 12025000035561 con data 9-04-2025.

- Así mesmo, consta no expediente 3725-321 un certificado emitido pola empresa UTE CONCELLO DE VIGO (U70556444), no que se acredita que o Concello de Vigo esta ao día nos seus pagos, con excepción da última factura, a cal estaba pendente de pago na data de emisión de dito certificado.

ÓRGANO COMPETENTE

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto en virtude do disposto no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos e, previo informe de fiscalización da Intervención municipal, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024 na quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a anulación do crédito retido no expediente 3725-321 *“CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPALES DE DISTRITO”*, toda vez, que non existen compromisos pendentes de pago con cargo a dito contrato:

- 9240 2279904 Atención ao público en oficinas descentralizadas

SEGUNDO: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

16(348).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVICIO (MANUTENCIÓN E TRANSPORTE) POR CURSO BÁSICO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL DE POLICIA LOCAL NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 691/2153.

Visto o informe de fiscalización do 07/05/2025 sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2025, asinado polo intendente xefe da Policía Local e o xefe da Área de Seguridade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/04/2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/12/2023 polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023, de conformidade cos informes emitidos no expediente electrónico n.º 41.400/220 e informe de fiscalización previa e preceptiva, que logo das rectificacións realizadas, o número total de prazas de oficial de policía son 10, sendo 8 por oposición libre e 2 de mobilidade horizontal (publicación BOPPO núm. 79 de data 23/04/2024 e DOG núm.101 de 27/05/2024).

II.- Mediante Resolución do 20 de decembro de 2024 da Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se fai pública a adxudicación de prazas do proceso de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 31 de maio de 2024, publícase a relación das 8 prazas coas persoas aprobadas que elixiron o Concello de Vigo.

III.- No Diario Oficial de Galicia, número 64, do mércores 2 de abril de 2025, publicouse a Resolución do 26/03/2025 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso básico selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local.

Segundo dita Resolución, o curso terá unha duración de 250 horas lectivas e desenvolverase de xeito semipresencial na Academia Galega de Seguridade Pública e na súa plataforma de teleformación.

O curso realizarase do 22 de abril de 2025 ao 30 de maio de 2025, coa seguinte distribución horaria:

– Presencial na sede da Agasp (poderanse levar a cabo actividades en lugares diferentes a ela, logo de aviso ao alumnado).

22, 23, 24, 29 e 30 de abril.

6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 29 e 30 de maio.

– Teleformación (con sesións de telepresenza que se indicarán ao comezo do curso).

Os restantes días entre as sesións presenciais da Agasp.

O horario do curso será, como norma xeral, das 9.30 ás 19.30 horas.

Tendo en conta o período teórico presencial establecido, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número total de días de estadía dos alumnos en formación é de **22 xornadas** por alumno.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2025, adoptou o Acordo de nomear, como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial, aos 7 aspirantes que se indican na táboa 1 (publicado no BOPPO nº 74 do luns, 21 de abril de 2025).

V.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policía Local de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso selectivo de formación na AGASP e a superación dun período de prácticas.

II.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 1 e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

O período lectivo na AGASP de 250 horas e segundo a súa distribución horaria, fai que sexan 22 días de estancia, dos cales 16 podería ser días con dereito a dieta enteira de manutención e 6 días con dereito a media dieta de manutención, xenerando un **gasto máximo de manutención** para os 7 funcionarios de **3.752,14 euros** (536,02 € por persoa):

O custo das dietas enteiras de manutención (16 días) ascendería a 3.159,52 euros (451,36 € / policía).

O custo das medias dietas de manutención (6 días) ascendería a 592.62 euros (84,66€ / policía).

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular a indemnización a percibir acadaría 0,26 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km e tendo en conta que con carácter xeral os traxectos a realizar son dous por semana lectiva, a excepción de aquelas semanas con festividades (nacionais, autonómicos e locais da A Estrada), o número



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

máximo de viaxes por funcionario/a en prácticas podería ser de 44 (22 ida e 22 volta), o que suporía un gasto máximo de 894,52 € por persoa facendo un total de **6.261,64 €**.

IV.- Tendo en conta as viaxes indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes (Vigo / Carracedo) por vehículo lixeiro é de 8,15 euros, sendo o gasto máximo dos funcionarios/as en prácticas en peaxes de **2.510,20 euros** (358,60 €/ funcionario).

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do uso do vehículo e do gasto en peaxes (mediante “ticket factura” da empresa concesionaria).

V.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VI.- De conformidade co disposto no art. 39, apartados 1 (presunción de validez e eficacia temporal dos actos administrativos desde a súa aprobación) e 3 (excepcional eficacia retroactiva dos actos favorables aos interesados) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, procede retrotraer a eficacia do acordo proposto ao momento en que se inicia oficialmente o curso selectivo de acceso á escala básica, o 22 de abril de 2025, que constitúe o suposto de feito necesario para o devengo das axudas de manutención e transporte sen que sexa visto o menor risco de lesión de dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA de

ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar o gasto de **12.523,98 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **3.752,14 euros** á aplicación 1320.2302001 en concepto de gastos de dietas de manutención, onde non existe crédito adecuado e suficiente, pero sí no seu nivel de vinculación xurídica.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **8.771,84 euros** á aplicación 1320.2312000 en concepto de indemnización por uso de vehículo particular, onde non existe crédito adecuado e suficiente, pero sí no seu nivel de vinculación xurídica.

a prol dos 7 Oficiais de Policía Local nomeados como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial que figuran na táboa 1, segundo Acordos da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 11 de setembro de 2025, polas 250 horas de duración do preceptivo curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos de policía local a desenvolverse de xeito semipresencial na Academia Galega de Seguridade Pública.

SEGUNDO.- O abono farase previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases.

Táboa 1.

FUNCIONARIOS POLICIAIS EN PRÁCTICAS		
	NOME E APELIDOS	DNI
1	J. TOUCEDO ALONSO	***9753**
2	I. RODRÍGUEZ MONTERO	***8285**
3	B. SOUTO CALVIÑO	***1550**
4	D. SENDÓN VARELA	***5350**
5	A. ACUÑA SOLLA	***3331**
6	A. DOMÍNGUEZ VEIGA	***5369**
7	C. PARDO OTERO	***3499**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(349).- NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DESINFECTOR: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46108/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/05/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso-oposición foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 08/06/2023 (BOPP de data 14/07/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas de persoal funcionario do grupo C, subgrupo C2 (administración especial):

- oficial desinfector (2).

II.- En sesión de data 23/12/2024 , segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo acordou:

“Declarar que os aspirantes que superaron o proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas, enmarcada no Grupo C de titulación, Subgrupo C2, escala de administración especial, de funcionario de carreira como oficial de desinfección, correspondentes á oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso oposición (bases xerais publicadas no BOPPO 30/12/2022 e específicas no BOPPO 14/07/2023), son:

***DNI**	NOME	APELIDOS	CONC.	TEST	PRÁCTICO	GALEGO	TOTAL
***9464**	M.S	ARAUJO RODRIGUEZ	14,8	25	25,5	Celga	65,3
***4589**	R.	NOVO GONZÁLEZ	18,1	22	24	Celga	64,1

-Na mesma proposta inclúese aprobar de conformidade coa base 15ª das Bases Xerais (BOPPO de data 30/12/2022) o listado do persoal que podería ser incluída na formación das bolsas de emprego das distintas prazas que foron executadas no mesmo proceso selectivo, e que serán obxecto de outro procedemento administrativo:

“Os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente.”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal en data 23/12/2024.

IV.- Con posterioridade, e referido a este mesmo procedemento, consta que, a Xunta de Goberno Local, previa proposta realizada polo órgano de selección, adoptou en data 21/02/2025 o seguinte acordo (expediente 43627/220):

*“I.- Desestimar, en base aos fundamentos de este informe o recurso de alzada interposto polo Sr. V. J. Torres Ceballos con DNI ***8497** , o día 27/12/2024 con nº doc 240400677 e rectificación con no doc. 240400877 e ampliación do día 6/02/2025 con no doc. 250026786.*

II.- Desestimar o recurso da Sra. Araujo presentado en escrito (doc no 250009733) no que solicita a revisión das puntuacións do concurso (valorando os servizos presentados como oficial desinfector)

III.- Levantar expresamente a suspensión da execución do acto impugnado producida ao amparo do disposto no artigo 117.3.”

V.- Consta incorporada ao presente expediente, a documentación presentada polos interesados nos termos establecidos nas bases do procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal funcionario; normativa de aplicación

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la le-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

gislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concreto en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “*son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente*”, estableciendo que “*en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.*”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, co cargo a dúas (2) prazas de oficial desinfector, grupo C, subgrupo C2, da escala de administración especial, que foron convocadas polo sistema de concurso-oposición en execución da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, a:

- M.S ARAÚJO RODRÍGUEZ, DNI ***9464**
- R. NOVO GONZÁLEZ, DNI ***4589**

SEGUNDO.- A toma de posesión do persoal nomeado deberá efectuarse no prazo máximo dun mes a contar dende a publicación do seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(350).- COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR CESE COMO FUNCIONARIO INTERINO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46554/220.

Visto o informe de fiscalización do 09/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban a seguinte praza de persoal funcionario do grupo C, subgrupo C1 (persoal funcionario):

- 1 praza de Administrativa/o de administración xeral

II.- En sesión de data 30/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente 46280-220, o órgano de selección designado para o proceso selectivo acordou:

- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6ª e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada PROCESO Nº 21- ADMINISTRATIVO/A- Funcionario de Carreira - C1 (Exp. 43774/220), ao candidato PÉREZ FREIRE, M.B, (DNI ***0126**).*

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2025, acordou, entre outros puntos, nomear como persoal funcionario de carreira, a persoa referida no punto anterior e cesar como funcionario interino a:

- R Vila Rodríguez con nº de persoal 81577 no posto 105 administrativo/a, dotación 86, en Deportes (611); vinculado á praza administrativo/a admon xeral.

IV.- O Sr. R Vila Rodríguez, prestou servizos como funcionario interino coa categoría de administrativo de administración xeral no concello de Vigo dende o día 13/08/2021 (expte 37900-220) ata o día 11/05/2025 (46280-220) cunha retribución bruta mensual de 2.362,88 euros

V.- Consta no expediente 46280-220 que o Sr. Vila participou no proceso selectivo de estabilización da praza de administrativo de administración xeral.

VI.- O día 15/04/2025, o Sr. Vila presenta escrito con nº de doc.- 250088517 solicitando o pagamento da compensación económica polo cesamento tras non ter superado o proceso d e estabilización,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dedicado aos procesos de estabilización de emprego temporal, establece no seu punto 6:

“ Corresponderá una compensación económica, equivalente a veinte días de retribuciones fijas por año de servicio, prorrateándose por meses los periodos de tiempo inferiores a un año, hasta un máximo de doce mensualidades, para el personal funcionario interino o el personal laboral temporal que, estando en activo como tal, viera finalizada su relación con la Administración por la no superación del proceso selectivo de estabilización.

En el caso del personal laboral temporal, dicha compensación consistirá en la diferencia entre el máximo de veinte días de su salario fijo por año de servicio, con un máximo de doce mensualidades, y la indemnización que le correspondiera percibir por la extinción de su contrato, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año. En caso de que la citada indemnización fuere reconocida en vía judicial, se procederá a la compensación de cantidades.

La no participación del candidato o candidata en el proceso selectivo de estabilización no dará derecho a compensación económica en ningún caso.”

Polo cal esta indemnización corresponde unicamente aos funcionarios interinos, que estando nomeados á entrada en vigor da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non superara o proceso de estabilización. No caso de funcionarios con un nomeamento posterior, seríalles de aplicación o establecido na Disposición adicional 17 do RDLEX 5/2015, de 30 de outubro polo que se apro-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

ba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, introducida polo artigo 1 da mesma Lei 20/2021, e de aplicación aos nomeamentos realizados dende a entrada en vigor da mesma, como indica a súa disposición transitoria 2ª.

No presente caso, como consta no antecedente IV de este informe, o Sr Vila estaba nomeado con data anterior a entrada en vigor da lei 20/2021 polo que corresponde a compensación económica prevista no artigo 2.6 da referida norma.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos antecedentes de este informe, a solicitude presentada polo Sr. Vila Rodríguez (nº de doc.- 250088517), abonando a cantidade de 5.826,28 euros en concepto da compensación económica prevista no artigo 2.6 da Lei 20/2021.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.1400000 dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado e a intervención aos efectos procedentes.

TERCEIRO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(351).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE COMERCIO. EXPTE. 45699/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (instrutora), e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 24 de xaneiro do 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Comercio, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 28, do martes 11 de febreiro do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 44, do mércores 5 de marzo do 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

No Boletín Oficial del Estado núm. 65, do lunes 17 de marzo do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 8 de abril do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente presentaronse os seguintes aspirantes:

-Monroy Castro, M., con DNI ***826***

-Vázquez Míguez, J.C., con DNI ***901***

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

Da documentación obrante no expediente verifícase, a salvo de erro ou omisión, que ambos aspirantes cumpren o requisito da titulación esixida pola Relación de Postos de traballo para o desempeño do posto (código 1, licenciatura universitaria ou equivalente, código 2, diplomatura universitaria ou equivalente)

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, constando incorporado ao expediente certificado no cal consta a exposición pública no taboleiro de edictos do 17/03/2025 ao 08/04/2025.

En consecuencia, e tralas actuacións efectuadas e documentada no correspondente informe de data 22/04/2025 (trámite 78 do expediente) formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva do posto de Xefe/a de Comercio, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE E DNI

-Monroy Castro, M., con DNI ***826***

-Vázquez Míguez, J.C., con DNI ***901***

SEGUNDO.- Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Jerónimo Centrón Castaños, Xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.

Suplente: D^a Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos do Concello de Vigo.

Vogais

Titular: D^a Fátima Dueñas Corchero, Xefe do Servizo de Turismo.

Suplente: D. Luz M^a González Domínguez, Xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía.

Titular: D^a. Olga Román Celada, Xefa do Servizo de Festas.

Suplente: D^a Elena Ares Salgado, Letrada-Asesora da Asesoría Xurídica.

Titular: D^a Ángela Fernández López, Xefa do Servizo de Contratación.

Suplente: D^a Mónica Domínguez Estévez, Xefa do Servizo de Estatística.

Secretaria:

Titular: D^a Susana Gallardo Fariña, Secretaria do Goberno Local.

Suplente: D^a Pilar del Carmen Saborido Díaz, Secretaria de Administración Municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 22 de maio de 2025 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(352).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORIA DE ADMINISTRATIVO/A DE AMINISTRACIÓN XERAL PARA XESTIÓN TRIBUTARIA- NEGOCIADO IMPOSTO DE VEHÍCULOS. EXPTE. 46380/220.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día a petición do Servizo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(351).- CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A MEDIO RESPONSABLE DE OBRAS E PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, SUBGRUPO A2: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46460/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/05/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo A2 de titulación:

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
DIPLOMADO/A EN TRABAJO SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO (ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO-ADMINISTRADORA PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO (LICENCIADO/A EN C.ECONOMICAS E EMPRESARIAIS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO-TITUTOR/A PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO –DIPLOMADO/A EDUCACION SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TITULADO/A MEDIO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A ORIENTACIÓN LABORAL	A2	Laboral fixo	6	CONCURSO

II.- Consta anuncio do resultado da fase de concurso, no que tras a reunión do órgano de selección de data 27/12/2024, se propón o nomeamento como Persoal Labora Fixo (A2) entre outros, a *MUIÑOS ACUÑA , J.A. con DNI ***7414***, como Técnica/o medio responsable obras programas municipais emprego –(Exp. Núm. 43766/220)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios na mesma data, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

III.- En sesión de data 17/02/2025, segundo consta en acta incorporada ao expediente (trámite 8), o órgano de selección (tribunal 2), acordou proceder ao exame dos escritos de alegacións/ recursos de alzada presentados por diversos aspirantes nos diferentes procesos de selección, ao obxecto de emitir o informe previsto no artigo 121.2, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas. Por outra banda, acordou proposta de nomeamento definitiva de:

“Nomear persoal laboral fixo, no proceso técnica/o medio responsable obras programas municipais emprego, categoría asimilable A2, ao seguinte aspirante:

- *MUIÑOS ACUÑA, J.A. con DNI ***7414***”

IV.- Consta no trámite 12 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

V.- Consta informe técnico de data 24/04/2025, respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe en relación coas prazas da OEP Estabilización – subgrupo A2, persoal laboral, no Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103. “El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.

Para a súa contratación como persoal laboral fixo, equiparado ao subgrupo A2 de titulación, consta que o Sr. Muiños Acuña J.A. con DNI ***7414**, está presentado servizos actualmente nesta administración como persoal laboral indefinido non fixo declarado por sentenza xudicial.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Para levar a cabo a súa contratación no seu novo réxime laboral, o interesado deberá cesar previamente da situación temporal actual, cese que xerará os seus efectos dende o día inmediatamente anterior a que firme o contrato como laboral fixo.

En canto as prazas vacantes, constátase a existencia das seguintes vacantes segundo informe referido no punto V dos antecedentes de este informe.

“- Posto 415 técnico/a medio responsable obras programas municipais emprego (arquitecto execución obras), dotación 1, no Servizo Desenvolvemento Local e Emprego (108); vinculado á praza técnico/a medio responsable obras programas municipais emprego (arquitecto execución obras): vacante en data de sinatura”

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar, en base os fundamentos de este informe, como persoal laboral indefinido non fixo a *MUIÑOS ACUÑA , J.A. con DNI ***7414*** toda vez que superou o proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo. O cese acordado xerará o seu efecto dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación do interesado como persoal laboral fixo.

SEGUNDO.- Contratar, en base os fundamentos de este informe, como persoal municipal en réxime laboral fixo, equiparado ao subgrupo A2 de titulación e con cargo a praza de técnica/o medio responsable obras programas municipais emprego, que foi convocada en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

• *MUIÑOS ACUÑA , J.A. con DNI ***7414***.-

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselle ao/á interesado/a para que subscriba o seu contrato laboral fixo no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(352).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO XXXI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2025 E DO DÍA DA MUIÑEIRA 2025. EXPTE. 6047/330.

Visto o informe xurídico do 07/04/2025 e o informe de fiscalización do 08/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/04/2025, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 14 de marzo do 2025, a Asociación Cultural Interfolc presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e o Día da Muiñeira 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 115.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0007, do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

PROGRAMA

Día da Muiñeira 2025:

Domingo 18 de maio, ás 12.00 horas na rúa Venezuela cun desfile previo na Praza do Rei.

Espérase a participación duns 1.000 bailaríns que encheran a rúa Venezuela bailando o son das gaitas.

XXXI Festival Internacional:

Terá lugar do martes 22 ao venres 25 de xullo do 2025 co seguinte programa:

Animacións de rúa: Príncipe–Marco, Travesas -Praza do Emigrante-, Teis -Mercado-, O Calvario -Peonil, Mercado.

Festivais: Se celebran catro actos e se desenvolverán na Porta do Sol, participando en cada un deles diferentes grupos, para rematar cun acto central onde participaran todos os grupos de acordo co seguinte:

Martes 22 de xullo.

21,30 h. 1º Festival na Porta do Sol.

Mercores 23 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.

21,30 h. 2º Festival na Porta do Sol.

Xoves 24 de xullo.

12,00 h. Animación de rúa.

21,30 h. Festival na Porta do Sol.

Venres 25 de xullo.

20,00 h. Desfile pola rúa Príncipe ata a Porta do Sol.

20,30 h. Recepción e intercambio de agasallos no escenario da Porta do Sol.

21,00 h. Festival de clausura na Porta do Sol.

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.639 € (CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E NOVE EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 115.000 €
- Achega da entidade 40.639 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 02.04.2025 (doc. 250075587)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Asociación Cultural Interfolc”, para a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e do día da Muiñeira 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 90.000 €; Neste exercicio 2025 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3380.489.0007, un importe, segundo a proposta, de 115.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acréditase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da Asociación Cultural Interfolc para a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e o día da Muiñeira 2025 , pasando dos 90.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 115.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación Cultural Interfolc” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Interfolc” ten como obxecto a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e o día da Muiñeira 2025, figurando na aplicación 3380.489.0007 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 115.000 euros a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025, que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Interfolc” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores,** con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 115.000 € (cento quince mil euros) á Asociación Cultural Interfolc, CIF: G-36.892.271, para a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e do día da Muiñeira 2025; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0007 “ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC” con cargo ao orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e á “Asociación Cultural Interfolc” que regula o outorgamento da subvención para a organización do XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e do día da Muiñeira 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA O FINACIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO XXXI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2025 E O DÍA DE MUIÑEIRA 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Pablo I. González Alonso con D.N.I. 36.053.268-D, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Illas Baleares nº 32 – 3º esq. 36203, da cidade de Vigo, en representación da mesma, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC**”, co fin de potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3380.489.0007, como subvención nominativa, a favor de **ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC** a cantidade de 115.000 euros.*

IV.- Que a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025 e o DÍA DA MUIÑEIRA 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.639 € (CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E NOVE EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 115.000 €
- Achega da entidade 40.639 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Día da Muiñeira 2025:

Domingo 18 de maio, ás 12.00 horas na rúa Venezuela cun desfile previo na Praza do Rei.

Espérase a participación duns 1.000 bailarins que encheran a rúa Venezuela bailando o son das gaitas.

XXXI Festival Internacional:

Terá lugar do martes 22 ao venres 25 de xullo do 2025 co seguinte programa:

Animacións de rúa: Príncipe–Marco, Travesas -Praza do Emigrante-, Teis -Mercado-, O Calvario -Peonil, Mercado.

Festivais: Se celebran catro actos e se desenvolverán na Porta doSol, participando en cada un deles diferentes grupos, para rematar cun acto central onde participaran todos os grupos de acordo co seguinte:

Martes 22 de xullo.

21,30 h. 1º Festival na Porta do Sol.

Mercores 23 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.

21,30 h. 2º Festival na Porta do Sol.

Xoves 24 de xullo.

12,00 h. Animación de rúa.

21,30 h. Festival na Porta do Sol.

Venres 25 de xullo.

20,00 h. Desfile pola rúa Príncipe ata a Porta do Sol.

20,30 h. Recepción e intercambio de agasallos no escenario da Porta do Sol.

21,00 h. Festival de clausura na Porta do Sol.

Está prevista á participación dos seguintes grupos:

- Panamá - Conjunto de Proyecciones Folklóricas DORA PÉREZ DE ZÁRATE.
- India - Grupo de Danza Folclórica GURU.
- Eslovaquia - Conjunto Folklórico KAPUŠANČAN.
- España - Cabezón de Pisuerga Valladolid – Coros y Danzas CASTIELLA.
- España – Albacete – Asociación Cultural Danzas Manchegas MAGISTERIO.
- España - Canarias – Agrupación Folclórica LOS BREZOS DE CANDELARIA.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. PABLO I. GONZÁLEZ ALONSO, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- a) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención (115.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento a finais do mes de maio, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades do día da Muiñeira.
- b) Un segundo pagamento e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe as actividades do Festival Folclórico Internacional. **O**

límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de

titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2025

Ingresos.....	155.639,00 €
-Achegados polo Concello de Vigo-.....	115.000,00 €
-Achegados pola entidade -.....	40.639,00 €
Gastos.....	155.639,00 €

- Día da Muiñeira de Vigo 2025.....38.576,00 €
- XXXI Festival Folclórico Internacional de Vigo 2025.....117.063,00 €

23(353).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO”. EXPTE. 2210/441.

Visto o informe xurídico do 10/04/2025 e o informe de fiscalización do 07/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/04/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes con data 17.02.2023 resolveu autorizar o gasto e adxudicar á entidade Arenas & Asociados, Ingeniería de Diseño SLP a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”.

2.- Por parte da mercantil Arenas & Asociados, Ingeniería de Diseño SLP presentouse borrador do proxecto para a “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SETECENTOS SESENTA E CINCO MIL TRINTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (1.765.032,53 €).

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de data 24.10.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 28 e 29.10.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 04.11.2024 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SETECENTOS SESENTA E CINCO MIL TRINTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (1.765.032,53 €) e con sinatura dixital de data 21.10.2024. Expte. 6338-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 04.11.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6338-443, e que inclúe Prego de Prescricións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1897/1102

- Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.01.2025.
 - C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 15.01.2025.
 - D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos os días 05 e 06.03.2025.
 - E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal o día 03.04.2025.
 - F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinado polo Xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.03.2025.
 - G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada o día 18.03.2025.
